

DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2026/G012/000005

Expediente núm.: 2026/G003/000827

Asunto: Fixación orde día sesión ordinaria da Comisión Informativa de Obras, Servizos, Urbanismo, Mobilidade, Medio Rural e Gandaría

Enterado da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados co/s asunto/s que figura/n na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión ordinaria da COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, URBANISMO, MOBILIDADE, MEDIO RURAL E GANDARÍA o día 25 DE MAIO DE 2026 (luns), ás 15:20 horas (tres e vinte do serán) no Salón de Plenos da Casa do Concello en primeira convocatoria e de non haber "quorum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

ORDE DO DÍA

1	<p>DAR CONTA DO ACORDO APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL NA SESION ORDINARIA DO 27 DE MARZO DE 2026 (SEN DITAME, ARTIGO 126. 2º ROF):</p> <p><u>1.11.- MOCIÓNS</u></p> <p>PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL</p> <p>Expediente núm.: 2025/A003/000096</p> <p>Asunto: rectificar erros materiais na solicitude de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2026 da Deputación provincial da Coruña que aprobou o Pleno da Corporación municipal, en sesión realizada o 05/02/2026), (que consisten en: erro na imputación nas anualidades dos importes das achegas provinciais 2025 e 2026 e no título ou epígrafe nos apartados b e c)</p>
2	<p>PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL</p> <p>Expediente <i>Tedec</i> número: 2026/A003/000006 Expediente <i>Tedec</i> decreto: 2026/G003/000653 Expediente <i>Subtel</i> número: 2026000007144</p> <p>Asunto: ratificar e tomar coñecemento do decreto da alcaldía número 670/2026 do 24/04/2026, referente á aprobación do proxecto corrixido da obra <u>Mellora de viarios nas parroquias de Castriz, Vilamaior, Freixeiro, Bazar, Esternande e Padreiro (POS+2026).</u></p>
3	<p>PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL</p> <p>Expediente <i>Tedec</i> subvención: 2026/A003/000003</p> <p>ASUNTO: SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O PROXECTO MUNICIPAL <u>MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO VIARIO OS AMENZÓNS-PORTOCHÁN-CARBOEIRO</u></p>

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros titulares da comisión informativa facendo efectiva esta resolución.

Os membros titulares da mesma, xunto cos correspondentes suplentes, son os que se recollen na seguinte táboa:

TITULAR	SUPLENTES	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL
PRESIDENTE: ALBERTO ROMAR LANDEIRA	NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE
PABLO NEGREIRA SOUTO	ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE
CARLOS TURNES ROMERO	SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	MANUEL RAFAEL LIÑARES GONZÁLEZ	PP

Terceiro.-Os membros titulares da comisión informativa, que de seguido se relacionan, quedan notificado/s coa sinatura/remisión do presente por correo electrónico:

TITULAR	GR PSdeG-PSOE UPO POLÍTICO MUNICIPAL	
PRESIDENTE: ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe. A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada